

SESIÓN ORDINARIA DE 28 DE DECEMBRO DE 2.012

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e dez minutos do día 28 de decembro de dous mil doce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D^a María Begoña Seco Varela, D. Jesús Fernández García, Dona María José Martínez Vigo, D. Serafín Vázquez Arias, D. Miguel Ángel López Varela, D. José Manuel Carral Méndez e D. Arcadio Lombao Román,, co obxecto de celebrar a presente sesión extraordinaria.

D^a Pilar Méndez Lombao e don Antonio López Pérez incorpóranse unha vez iniciada a sesión.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN SCELEBRADA O DÍA 26 DE OUTUBRO DE 2012

Ponse de manifesto aos membros da Corporación a acta da sesión plenaria celebrada o día 26 de outubro de 2012.

Sométese a votación a aprobación das citadas actas. Realizada a votación, queda aprobada pola unanimidade dos membros presentes da corporación.

2. RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS

O sr. Alcalde expón sucintamente o contido das rectificacións propostas, que son as que seguen:

FINCA URBANA Nº 21

BONXE

NOME: PRAZA PÚBLICA EN BONXE.

NATURALEZA DO INMOBLE:

Servizo público

Prescripción: uso público: praza pública.

SITUACIÓN:

Parroquia: BONXE.

Núcleo / lugar: NÚCLEO DE BONXE.

Lindeiros: NORTE: parcela 82; SUR; camiño público; ESTE: parcelas 83, 314, 313, 317 e 318; OESTE; camiño público.

SUPERFICIE: 5.017 m2.

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: titularidade dominical inmemorial declarada en resolución de expediente de investigación de data de 17 de abril de 2006.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Padrón Catastral: POLÍGONO: 97; PARCELA: 84.

Rexistro da Propiedade: finca 11316, Tomo 1161, libro 103, folio 20.

VALOR ACTUAL: 6,99 euros.

FINCA RÚSTICA Nº 12

OUTEIRO DE REI

NOME: PARCELA Nº 499 do polígono 58 do catastro de rústica

NATURALEZA DO INMOBLE:

Ben de natureza demanial

Prescripción: servizo municipal de tratamento de auga.

SITUACIÓN:

Parroquia: Martul

Lugar: Ribeira Grande.

Lindeiros:

Norte: parcela 501 e 500 do polígono 58, de Outeiro de Rei.

Sur, parcelas 465 e 477 do polígono 58

Leste: Río Ladra.

Oeste: parcela 498 do polígono 58

SUPERFICIE: 6.892 M2.

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Declaración de necesidade de ocupación aprobada pola Xunta de Goberno Local de data de 27/03/2009. Determinación do xusto prezo polo Xurado de expropiación de Galicia en expediente 2009005632. Data 21 de xullo de 2011. Xusto prezo: 12.913,89 euros.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Non consta.

PORCIÓN VIAL Nº 145

MOSTEIRO

NOME: PORCIÓN VIAL EN MOSTEIRO

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: MOSTEIRO

Núcleo/lugar: MOSTEIRO

Lindeiros: Norte, camiño; Este, parcela 20 de Ramón Castro Reija; Sur, finca matriz e ao Oeste, terreo matriz, da que esta se segregou.

SUPERFICIE: 33,81 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 28 de setembro de 2.012.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: Finca 11311, Tomo 1161, Libro 103, Folio 9.

PORCIÓN VIAL Nº 146

ROBRA

NOME: PORCIÓN VIAL EN ROBRA - ROBRA

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: ROBRA

Núcleo/lugar: ROBRA

Lindeiros: Linda ao Norte con estrada; ao Sur coa finca matriz; ao Leste coa parcela 1 descrita, hoxe con Mariña López Illán e ao Oeste con José Gómez Teijeiro e José María Flores Vila.

SUPERFICIE: 15,51 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 19 de outubro de 2012

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: Finca11317, Tomo 1161, Libro 103, folio 21”.

Non xurdindo debate sométese a votación a proposta de rectificación do inventario municipal de bens e dereitos.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

3. EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN DE TRAMO DE CAMIÑO EN “O RIASCO”

Iniciase o debate do presente punto da orde do día coa defensa, polo sr. Alcalde, da seguinte proposta de resolución:

“Con data de rexistro de entrada de 1 de agosto de 2012, don José Benito García Lombao solicita a desafectación dun tramo de camiño público que discorre polo linde sur das parcelas 245 e 60 e linde norte da parcela 198 do polígono 111 do termo municipal de Outeiro de Rei.

Dito tramo de camiño non é utilizado na actualidade coma tal, dado que na actualidade o camiño público discorre polo linde sur da parcela 198, en tanto o novo trazado permite alonxarse das edificacións existentes, ampliando a plataforma da calzada e mellorando a seguridade dos vehículos e persoas. Tal é así que, na actualidade, o novo trazado se identifica catastralmente coma a parcela 9012 do polígono 111.

Por estimarse axeitado a dereito e redundar en prol da seguridade xurídica e do tráfico, adecuar a afectación á realidade xurídica e física existente, con data de 14 de setembro de 2012 acordouse iniciar expediente de alteración de desafectación do tramo de camiño público de 429,70 m² que discorre polo linde sur das parcelas 245 e 60 e linde norte da parcela 198 do polígono 111 do termo municipal de Outeiro de Rei e, simultaneamente, iniciar expediente de afectación dun tramo de camiño de 1.203,15m², que se corresponde coa parcela catastral 9012 do polígono 111 deste termo municipal de Outeiro de Rei.

Tramitado o correspondente expediente e non presentándose alegación algunha no trámite de información pública, propoño ao Pleno da Corporación adoptar o seguinte acordo:

1. Desafectar o tramo de camiño público de 429,70 m2 que discorre polo linde sur das parcelas 245 e 60 e linde norte da parcela 198 do polígono 111 do termo municipal de Outeiro de Rei.

2. Afectar ao uso público viario o tramo de camiño de 1.203,15m2, que se corresponde coa parcela catastral 9012 do polígono 111 deste termo municipal de Outeiro de Rei”.

O voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE pregunta sobor o resultado do trámite de información pública, ao que o sr. Alcalde resposta que non se presentou alegación algunha.

Non xurdindo debate ao respecto, sométese a votación a proposta transcrita.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

4. EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN DE TRAMO DE CAMIÑO EN FONPEDRIÑA

Iníciase o debate do presente punto da orde do día coa defensa, polo sr. Alcalde, da seguinte proposta de resolución:

Con data de rexistro de entrada de 6 de xuño de 2012, don Nicolás Pico Yáñez solicita a desafectación dun tramo de camiño público que discorre entre as parcelas 16 do polígono 15 e 22 polígono 14 do termo municipal de Outeiro de Rei.

Dito tramo de camiño aparece cartografiado no catastro, correspondéndose coa parcela 9010 do polígono 15. Actualmente non existe como tal, habéndose usurpado polos propietarios dos predios polos que discurría.

Con independencia do feito da desafectación material, non existe razón algunha de interese público que aconselle mater o camiño, xa que o tráfico actualmente se realiza a través dunha malla viaria ben consolidada e definida e a totalidade dos predios afectados manteñen acceso ao viario público.

Por outra banda, non sería coherente mater a calificación demanial do tramo de camiño que discorre entre a parcela 15 do polígono 15 e 43 do polígono 14, polo que o expediente debe abranger tamén este tramo.

Non obstante a desafectación material operada pola ocupación, débese proceder á desafectación formal do tramo de camiño mediante a tramitación do procedemento previsto no artigo 81 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Tramitado o correspondente expediente e non presentándose alegación algunha no trámite de información pública, propoño ao Pleno da Corporación adoptar o seguinte acordo:

- Desafectar o tramo de camiño público catastrado como parcela 90010 do polígono 15 que discorre entre as parcelas 15 e 16 do polígono 15 e 22 e 43 do polígono 14 do termo municipal de Outeiro de Rei”.

O voceiro do grupo municipal do BNG afirma que ahí existía antigamente un camiño e que posteriormente foi ocupado polos propietarios das fincas colindantes. E pregunta a qué se debe a diferenza de trato deste tramo de camiño que agora se desafecta e doutros que, a pesares de que estaban a seren utilizados coma servidumes de paso, foron defendidos a ultranza polo Concello.

O Secretario da Corporación informa que un tramo de camiño pode asemellar ser unha servidume de paso, pero existen uns criterios xurídicos que permiten diferenciar unha servidume dun camiño público. Se é un camiño existe a obriga de recuperalo. No presente caso, se ben era un tramo de camiño –o que non se discute-, o que se fai é desafectalo porque xa non se utiliza como tal.

Neste intre incorpóranse a concelleira dona Pilar Méndez Lombao e o concelleiro don Antonio López Pérez.

O voceiro do grupo municipal do BNG pregunta polo destino dos terreos desafectados e, particularmente, si se van a regalar aos propietarios dos terreos colindantes e se iso é legal.

O Secretario da Corporación informa que a enaxenación, ben mediante venta forzosa, ben mediante permuta, é obxecto dun expediente ulterior que aquí non se trata.

O Alcalde afirma que o Concello non vai abandonar ningún camiño público e, como moito o que fará será permutar un tramo concreto para mellorar o trazado da vía, que é o que veu facendo ata o momento. E a proba de que non se abandona ningún camiño é que o destino do presente tramo de camiño está a ser tratado no Pleno para que decidir o máis procedente.

No que atinxe a este tramo de camiño, afirma que dende fai moitos anos que xa non existe, e asegura que dende fai máis de trinta anos que se cerrou a finca e se construíu a casa e que o servizo viario se presta polo camiño paralelo que, se ben non recorda ben, posiblemente fora cedido por estes mesmos propietarios.

E como non se crea ningún perxuízo para ninguén e se garantiza a continuidade viaria, propónse aprobar esta proposta.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de resolución.

Realizada a votación a proposta resulta aprobada con dez votos a favor e unha abstención pertencente ao concelleiro do grupo municipal do BNG.

5. APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCIZO 2013.

Iníciase o debate do presente punto da orde do día coa defensa, polo sr. Alcalde da proposta de aprobación do orzamento xeral para o exercizo 2013, e composto polos seguintes documentos:

GASTOS

RESUMO POR CAPÍTULOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE EUROS
1	Gastos de personal	1.287.200,00
2	Gastos corrientes	1.735.850,00
3	Gastos Financieros	40.500,00
4	Transferencias Corrientes	87.200,00
6	Inversiones reales	2.007.834,00
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financieros	0,00
9	Pasivos financieros	35.000,00
TOTAL GASTOS		5.193.584,00

INGRESOS

RESUMO POR CAPÍTULOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE EUROS
1	Impuesto directos	1.055.000,00€
2	Impuestos indirectos	69.000,00€
3	Tasas y otros ingresos	2.580.609,00€
4	Transferencias Corrientes	1.248.575,00€
5	Ingresos patrimoniales	6.400,00€
6	Enajenación de inversiones	0,00
7	Transferencias de capital	234.000,00€
8	Activos financieros	0,00
9	Pasivos financieros	0,00
TOTAL INGRESOS		5.193.584,00

MEMORIA ORZAMENTARIA

A presente memoria ten por obxecto explicar o contido do orzamento xeral do Concello de Outeiro de Rei así como as principais modificacións en relación ao orzamento do exercicio anterior analizando as vertentes de gastos de ingresos.

Estados de ingresos

As principais modificacións nos estados de ingresos en relación ao exercicio anterior veñen dadas polas modificacións normativas experimentadas nos últimos meses e que se traducen nun incremento da carga fiscal.

En primeiro lugar, destácase o incremento das previsións de recadación do Imposto de Bens Inmóveis de natureza urbana nun 20%, correspondente á suba dun punto porcentual prevista no artigo 8 do Real Decreto-ley 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urgentes en materia presupuestaria, tributaria y financiera para la corrección del déficit público, dado que o Concello aplicou no ano 2012 o tipo de gravamen mínimo (5%), e o novo tipo mínimo é do 6%.

Asemade, incrementábase a recadación prevista para este imposto en función das novas altas catastrais resultado da actividade de control e inspección que ven desenvolvendo o Concello así coma da actualización do valor catastral por aplicación do IPC.

Outras variacións significativas son as que afectan ás previsións de recadación das taxas pola prestación dos servizos municipais de abastecemento domiciliario de auga

potable e de recollida de lixo, dado que o Concello, na sesión plenaria de 22 de decembro de 2011, acordou incrementar as cotas de ambas taxas co fin de acadar o custe do servizo e, deste xeito, facilitar o cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e do principio de recuperación dos custes dos servizos impostos pola normativa comunitaria. As previsións orzamentarias neste sentido recollen os datos aportados pola liquidación do exercizo 2012, axustadas a aplicación da taxa á totalidade do exercizo fiscal.

Tamén teñen reflexo orzamentario as modificacións das taxas pola prestación do servizo de escola infantil municipal, pola expedición de documentos a instancia de parte e do regulamento do servizo de axuda no fogar, axustando a previsión de recadación á totalidade do exercizo tributario.

O impacto económico destas modificacións no presente orzamento se calcula aplicando a porcentaxe de suba da cota tributaria sobre os dereitos recoñecidos no exercizo anterior, modulando o resultado en función das previsións da modificación do número de usuarios do servizo.

Axústase asemade a previsión relativa á participación nos tributos do Estado e máis da Comunidade autónoma aos dereitos recoñecidos no exercizo 2012, cun lixeiro incremento resultado da previsión de incremento das contías destes fondos.

Consígnase novamente, tanto pola vertente de ingresos coma de gastos, os cretos necesarios para a xestión do Plan Parcial de A Palloza, xa que se cambiou o sistema de actuación e os Proxectos de Urbanización se atopan rematados.

A execución real desta previsión dependerá da aprobación, dentro do exercizo orzamentario, do documento de reparcelación e da expedición das correspondentes liquidacións, o que dependerá das incidencias que xurdan dentro da formulación deste documento e do trámite de información pública.

Prevéase, asemade, unha transferencia de capital de 134.000 euros para a execución da obra de ampliación do pabellón polideportivo para ximnasio, que ten a natureza de financiación afectada e ten o seu correlato no estado de gastos.

Prevéase a financiación da Deputación Provincial de Lugo correspondente aos P.O.S dos anos 2012 e 2013, dado que o pleno provincial acordou confeccionar recentemente o correspondente ao ano 2012, se ben non se poderá recoñecer o dereito até o ano 2013. consígnase o correspondente ao ano 2013 xa que se espera unha meirande dilixencia da Deputación provincial neste ano próximo na tramitación dos seus plans.

Estado de gastos

A pesares da modificación da estrutura de financiamento dos servizos, fundamentalmente polo que atinxe ás restantes administracións públicas, non se prevé unha redución dos créditos adicados aos diferentes servizos (augas, recollida de lixo,

escola infantil municipal, servicios sociais, alumado público, servicios culturais e deportivos... etc).

Prevéanse dous partidas de transferencias correntes a outras administracións: á correspondente ao transporte público metropolitano, que xa botou a andar, e á Deputación Provincial de Lugo, para a prestación do servizo de teleasistencia. Mantense a partida adicada á Mancomunidade de Municipios da Terra Chá.

Tampouco experimentan cambios significativos os créditos adicados a gastos de persoal, debido á conxelación das súas retribucións e á limitación ás novas contratacións establecida polo Real Decreto-Lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.

En relación á débeda pública, non se prevé a concertación de novas operacións de crédito, nin para financiar inversións novas nin para gastos correntes, xa que o Concello non tivo a necesidade de acudir ao mecanismo extraordinario do Real Decreto Lei 4/2012, de 24 de febreiro, polo que se determinan obrigacións de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiación para o pago a los provedores das entidades locais.

Renóvase á inversión relativa á ampliación do servizo de alumado público así coma a construción dun local social en Parada.

Debido á data de confección do orzamento, non se pode precisar a natureza da inversión con cargo ao fondo de compensación ambiental nin ao POS 2013.

Concluindo:

As previsións recollidas no orzamento de ingresos cínxense estrictamente á liquidación do exercicio anterior, modificándose exclusivamente na medida na que se modifica o marco normativo regulador de cada recurso e cunhas correccións conservadoras en relación as posibles modificacións dos feitos impositivos.

As previsións recollidas no orzamento de gastos baséanse na austeridade, co gallo de garantir a prestación dos servizos municipais que se viñan prestando co mesmo nivel de calidade.

En Outeiro de Rei, a 19 de decembro de 2012

ANEXO DE INVERSIÓN A EXECUTAR NO EXERCICIO 2013

Título do proxecto: Ampliación de pabillón polideportivo para sala multiusos

Orzamento: 180.000 euros

Execución: municipal.

Financiamento: 134.000 euros Consellería do Medio Rural e do Mar (AGADER); 46.000 euros Concello de Outeiro de Rei.

Título do proxecto: Centro sociocultural en Parada

Orzamento: 35.000 euros.

Execución: municipal.

Financiamento: 100% municipal.

Título do proxecto: Ampliación do servizo de alumado público

Orzamento: 60.000 euros.

Execución: municipal.

Financiamento: 100% municipal.

Título do proxecto: Urbanización A Palloza

Orzamento: 1.591.439 euros.

Execución: municipal.

Financiamento: 100% municipal, mediante aportación de cuotas de urbanización polos propietarios de solo.

Título do proxecto: POS 2012: Rexeneración de camiños nas parroquias de Bonxe e Outeiro de Rei.

Orzamento: 30.588,52 euros.

Execución: municipal.

Financiamento: Deputación 14.509,80 euros, e Concello 16.078,72 euros.

Título do proxecto: POS 2013.

Orzamento: 31.411,48

Execución: municipal.

Financiamento: Deputación 14.509,80 euros, e Concello 16.901,68 euros

Título do proxecto: Fondo compensación ambiental

Orzamento: 40.000 euros.

Execución: municipal.

Financiamento: Xunta de Galicia 30.000 euros, e Concello 10.000 euros

ANEXO

Achegas nominativas:

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local, e dada a dificultade de promover un procedemento de concurrencia competitiva por tratarse de actividades de características tales que non existe máis ca un posible suxeito beneficiario no termo de Outeiro de Rei, poderanse outorgar subvencións polos importes máximos expresados as seguintes persoas:

- Coto de caza Paz:.....91 euros.
- Coto de caza Outeiro:451 euros.
- Coto de caza Vicinte:.....271 euros.
- Coto de caza Santa Isabel:.....1623 euros.
- Subvención festas patronales:.....7.800 euros.
- Subvención festas patronales parroquia de Outeiro de Rei:700 euros
- CEIP Otero Pedrayo:.....150 euros.
- Asociación de lucha contra el cáncer:300 euros.
- A.D.S.G Santa Isabel:4000 euros.
- IES Río Miño:400 euros
- Escudería Miño Rallye C. Lugo.....:4 000 euros
- Sociedad Deportiva Matela.....2000 euros pola participación na liga e 500 euros pola copa.

- Sociedad Deportiva de Outeiro de Rei.....10000 euros por participar en 1º rexional e 2000 euros pola copa.
- Sociedade protectora de animais.....2.070,50 euros.

Establécese unha partida de 3.000 euros para o outorgamento de subvencións nominativas de outorgamento directo non previstas no presente anexo. O seu outorgamento terá carácter excepcional, deberá acordarse na Xunta de Goberno Local e unicamente procederá en supostos de imposible previsión nas datas de elaboración do orzamento, e xustificando debidamente a improcedencia da apertura dun procedemento de concurrencia competitiva. O outorgamento destas achegas deberá publicarse no taboeiro de edictos do Concello.

RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI PARA O EXERCIZO ORZAMENTARIO 2013

Alcaldía

AUXILIAR ADMINISTRATIVO 1:

Persoal funcionario; Grupo C2, complemento de destino 16, complemento específico 7.249,32 euros
 Forma de provisión do posto: concurso
 Adscripción indistinta.
 Funcións: Mecanografía, rexistro de documentos, despacho de correspondencia, cálculo sinxelo, manexo de máquinas, arquivo de documentos, atención ao público directa e telefónica.
 Situación administrativa: servizo activo.

VIXILANTE:

Persoal funcionario; Grupo E, complemento de destino 14, complemento específico 6.196,08 euros
 Forma de provisión do posto: concurso
 Funcións: vixilancia de edificios e servizos municipais; formulación de denuncias e actas de inspección con valor probatorio en asuntos de competencia municipal; práctica de notificacións e comunicacións; porteo de documentos e bens mobles; atención ao público persoal e telefónica.
 Situación administrativa: servizo activo.

CONSERXE 1:

Persoal funcionario; Grupo E, complemento de destino 14, complemento específico 6.196,08 euros
 Forma de provisión do posto: concurso; adscripción indistinta.

Funcións: vixilancia de edificios e servizos municipais; notificacións e comunicacións, porteo de documentos e bens mobles; atención ao público persoal e telefónica.

Situación administrativa: servizo activo.

CONSERXE 2:

Persoal funcionario; Grupo E, complemento de destino 14, complemento específico 6.196,08 euros

Forma de provisión do posto: concurso; adscripción indistinta.

Funcións: vixilancia de edificios e servizos municipais; porteo de documentos e bens mobles; atención ao público persoal e telefónica.

Situación administrativa: servizo activo.

Servizos xerais

SECRETARIO:

Persoal funcionario; Grupo A1, complemento de destino 30, complemento específico 31.803,48 euros.

Forma de provisión del puesto: concurso

Funcións: Asesoramiento legal preceptivo, fe pública, coordinación administrativa dos servizos administrativos, normalización xurídica de procedementos.

Situación administrativa: servizo activo.

ADMINISTRATIVO 1:

Persoal funcionario; Grupo C1, complemento de destino 22, complemento específico 8.129,64 euros

Forma de provisión do posto: concurso

Funcións: realización de tarefas administrativas de trámite e colaboración; Levanza do Padrón Municipal de habitantes; Arquivo e custodia de expedientes de Secretaría; Levanza do rexistro xeral do Concello; transcripcións dos libros de actas do Pleno; atención ao público persoal e telefónica.

Situación administrativa: servizo activo

ADMINISTRATIVO 2:

Persoal funcionario; Grupo C1, complemento de destino 22, complemento específico 8.129,64 euros

Forma de provisión do posto: concurso

Funcións: realización de tarefas administrativas de trámite e colaboración; Xestión do Imposto Municipal de Vehículos de Tracción Mecánica; Xestión da taxa por ocupación do vello e subsello de vías públicas; Levanza do rexistro de animais domésticos; Xestión e tramitación de subvencións municipais; redacción das actas da Xunta de

Gobierno Local e transcripción dos libros de actas da Xunta de Gobierno Local; atención ao público persoal e telefónica.

Situación administrativa: servicio activo

ALGUACIL-PORTERO:

Persoal funcionario; Grupo E, complemento de destino 14, complemento específico 6.196,08 euros

Forma de provisión do posto: concurso

Funcións: vixilancia e custodia de edificios e servizos municipais; práctica de notificacións e comunicacións; porteo de documentos e bens mobles; levanza do portelo único; atención ao público persoal e telefónica.

Situación administrativa: servicio activo.

Tesourería

ADMINISTRATIVO 3:

Persoal funcionario; Grupo C1, complemento de destino 22, complemento específico 14.910 euros

Forma de provisión do posto: concurso

Funcións: realización de tarefas administrativas de trámite e colaboración; Xestión de taxas e impostos municipais non asignados especificamente a outros postos de traballo; expedición de providencias de apremio; contabilidade municipal; redacción de documentos de pago e cobro; xestión e realización de cobros e movementos internos de tesourería.

Situación administrativa: servicio activo

Intervención

INTERVENTOR:

Persoal funcionario; Grupo A1, complemento de destino 30, complemento específico 15.901,68 euros

Forma de provisión do posto: concurso

Adicación: parcial; 50% da xornada semanal.

Funcións: Control e fiscalización da xestión económica e financeira da entidade local; redacción de ordenanzas fiscais; informe de asuntos de natureza económica para cuxa adopción se requira maioría especial, así o esixa o ordeamento xurídico ou o requira o Alcalde, elaboración de memorias e estudos económico financeiros, emisión de certificados de existencia de creto; orzamentación; informe e tramitación de recursos económicos (reposición ou alzada).

Situación administrativa: vacante

Urbanismo

ARQUITECTO MUNICIPAL:

Persoal funcionario; Grupo A1, complemento de destino 30, complemento específico: 25.442,76 euros.

Forma de provisión do posto: concurso.

Adicación: tempo parcial 80% de xornada semanal.

Funcións: emisión de informes técnicos na xestión e disciplina urbanística; redacción e informes e tramitación de instrumentos de planeamento e xestión urbanística; redacción de proxectos de obra, dirección de obra; supervisión de proxectos; asistencia e atención ao público en materia urbanística.

Situación administrativa: Servicio activo.

AUXILIAR ADMINISTRATIVO 2:

Persoal funcionario; Grupo C2, complemento de destino 16, complemento específico 7.249,32 euros

Forma de provisión do posto: concurso

Adscripción indistinta.

Funcións: Mecanografía, tramitación de expedientes urbanísticos, despacho de correspondencia, confección e cobro de autoliquidacións e liquidacións tributarias, cálculo sinxelo, manexo de máquinas, arquivo de documentos, rexistro de documentos, atención ao público directa e telefónica.

Situación administrativa: servicio activo.

Servicios especiais

LIMPIADORA DE EDIFICIOS MUNICIPAIS:

Persoal laboral fixo; categoría profesional limpadora.

Forma de provisión: concurso.

Funcións: limpeza de edificios municipais.

Coberto definitivamente mediante contrato laboral fixo.

* Os complementos específicos están referidos a 12 mensualidades, sen incluír as contías correspondentes ás pagas extraordinarias

BASES DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA DO EXERCICIO 2.013

De acordo co disposto nos Art. 166 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de Marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 9.1 do Real Decreto 500/1.990, de 20 de abril, fórmulanse as Bases de Execución do Orzamento para o 2.012 que, a continuación, se expresan:

1. Cretos orzamentarios.

Os cretos para gastos integrados no Orzamento serán destinados exclusivamente á finalidade específica para os que foron autorizados no mesmo ou ó aprobar as súas modificacións mediante o procedemento legalmente establecido nos Art. 27 e 28 do Real Decreto citado, será a nivel de Programa e Capítulo.

2. Transferencias de créditos.

Os cretos das diferentes Partidas de Gastos do Orzamento poden ser transferidos a outras Partidas con subxección ás seguintes normas:

a) Órgano competente para a súa autorización:

O Presidente da Corporación sempre que se refira ás altas e baixas de créditos de persoal, aínda que pertencen a diferentes áreas de gasto e a transferencias de cretos entre Partidas pertencentes ao mesmo área de gasto.

b) Tramitación:

As transferencias autorizadas polo Presidente requirirán informe previo de Intervención, entrando en vigor unha vez se adoptase polo Presidente a resolución aprobatoria.

3. Autorización e disposición de gastos.

Con cargo ós créditos do Estado de Gastos do Orzamento corresponderá:

a) Ó Pleno da Corporación para:

1. O recoñecemento extraxudicial de crétos, cando non exista dotación orzamentaria e concesión de quita e espera.

b) Ó Presidente para:

b.1.1. A autorización de tódolos gastos que, pola súa contía, pertencen a súa competencia orixinaria e compromiso de gastos relativos a contratos que non teñan unha duración superior a un ano e non excedan da contía de 3000 euros.

Aqueles gastos que estean dentro dos límites da súa competencia.

Todos aqueles gastos que expresamente lle atribúan as Leis e os que aquelas asignen ó Municipio e non encomenden a outros órganos.

4. A concertación de operacións de creto a curto prazo coa finalidade de atender necesidades transitorias de tesourería.

c) A Xunta de Goberno Local para:

1. A disposición de gastos de natureza contractual de contía superior os 3000 euros ou de duración superior a un ano.

2. A proposta outorgamento de subvencións dentro dos límites autorizados na correspondente convocatoria ou, no caso de tratarse de subvencións individualizadas, o seu outorgamento de conformidade co disposto nas bases de execución.

4. Recoñecemento ou liquidación de obrigas.

O recoñecemento das obrigas, unha vez adoptado legalmente o compromiso do gasto, corresponderá ó Presidente da Corporación.

5. Ordenación do pago.

A ordenación do pago daquelas obrigas previamente recoñecidas corresponderá ó Presidente. As ordes de pago deberán acomodarse ó plan de disposición de fondos que estableza o Presidente, tendo prioridade en todo caso os gastos de persoal e as obrigas contraídas en exercicios anteriores. En defecto de plan de disposición de fondos, a prioridade nos pagos atenderá, coa salvedade do pago da débeda pública e dos gastos de persoal, a data de rexistro da factura ou, no seu defecto, a data de aprobación da factura polo órgano competente.

6. Xustificación previa a todo gasto.

Non poderán expedirse ordes de pago sen que previamente se acredite documentalmente ante o órgano competente para recoñecer as obrigas a realización das prestacións ou o dereito do acredor e todo elo de conformidade cas resolucións aprobatorias da autorización e compromiso do gasto.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, poderán expedirse ordes de pago a conta da liquidación definitiva dos contratos administrativos de obras, suministro e consultoría e asistencia técnica e servizos.

No suposto de contratos administrativos de obra pública, a xustificación da realización da inversión efectuarase mediante a certificación de obra asinada polo director de obra. A comprobación material da inversión realizada efectuarase polo órgano competente para recoñecer o gasto no acto expreso de recepción de obra. De non existir acto expreso de recepción de obra, dita comprobación material enténdese implícita na aprobación da factura derivada do acto de liquidación do contrato.

7. Esixencia común a toda clase de pagos.

O Tesoureiro esixirá a identificación das persoas a quen pague cando para el fosen descoñecidas, mediante a exhibición do D.N.I, permiso de conducir ou pasaporte. No suposto de que actúe por representación, deberá exhibir a escritura ou documento que acredite a representación. Non quedará exento de responsabilidade directa e persoal si se incumprise dito requisito.

O Tesoureiro quedará responsable si se efectúan os pagos sen a exhibición do NIF, sen demostrar estar ó corrente no pago do IAE, Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados ou sen efectualas retencións a conta do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas ou Sociedades, ou calquera outro título ou requisito esixido pola Lexislación vixente. A falta deste requisito farao responsable con arranxo ás Leis.

Os pagos a persoas que non soubesen firmar ou estivesen impossibilitados esixirán dúas testemuñas co fagan ó seu rogo ou á impresión da sinal dactilar do interesado no documento.

Os que actúen en representación de herdanza acreditarán coa documentación preceptiva que obran con suficiente autorización dos titulares da mesma. Respecto a incapacitados e menores, entenderase cos representantes legais.

8. Ordes de pago a xustificar.

Cando non se poida acompañar ás ordes de pago os documentos que acrediten a realización da prestación ou o dereito do acredor, terán o carácter de a xustificar, aplicándose ós correspondentes créditos orzamentarios.

Tan só se poderán expedir ordes de pago a xustificar nos seguintes supostos:

Que o preceptor non teña pendente de xustificar polo mesmo concepto presupostario fondos librados a xustificar.

Que os fondos non se destinen a gastos de capital ou inversións.

Que as atencións non sexan periódicas ou repetitivas, en cuio caso terán carácter de anticipos de caixa fixa.

Que as cantidades a xustificar non excedan dos 2000 euros.

Os perceptores destas ordes de pago deberán xustificala aplicación das cantidades que reciban no prazo máximo de tres meses, salvo os anticipos de caixa fixa, que se xustificarán ó longo do exercicio presupostario.

9. Xustificación dos pagos.

Para autorizarse un mandamento esixiranse as facturas orixinais co recibín, pero garantizadas co selo ou firma da casa subministradora. O recibín esixirao o Sr. Tesoureiro na factura e o libramento e, se se paga fora da localidade, cos xustificantes do acuse de recibo que envíen as respectivas casas.

En ningún caso se pagarán cantidades con copias simples de facturas, documentos e xustificantes de pago.

10. Dietas e gastos de transporte.

No que atinxe a súa contía, estarase ao disposto nos acordos plenarios correspondentes.

Asemade, de conformidade co previsto na sentenza do Tribunal Supremo de 13/12 de 2000 no seo do recurso 3526/1995, os Concelleiros que non teñan dedicación parcial ou exclusiva terán dereito a percibir, en concepto de indemnización por lucro cesante, a cantidade de 50 euros por cada media xornada efectivamente e xustificadamente adicada o desenrrolo de labores propias das funcións que teñan delegadas.

A xustificación a que se refire o parágrafo anterior efectuaráse mediante declaración detaxada, escrita e asinada polo concelleiro solicitante do abono das citadas indemnizacións, que responderá da súa veracidade.

11. Gastos de carácter plurianual.

A autorización e compromiso dos gastos de carácter plurianual subordinaranse ó créto que para cada exercicio se consigne nos respectivos Orzamentos, segundo dispón o Artigo 79.2 do Real Decreto 500/1.990, de 20 de abril.

Poderán adquirirse compromisos de gastos de carácter plurianual sempre que a súa execución se inicie dentro do exercicio corrente e que, ademais, se encontren comprendidos nalgún dos casos seguintes:

- a) Inversións e transferencias de capital.
 - b) Contratos de suministros, de asistencia técnica e científica, de prestación de servicios, de execución de obras de mantemento e arrendamento de equipos que non poidan ser estipulados ou resulten antieconómicos por un ano.
 - c) Arrendamento de bens inmobles.
 - d) Cargas financeiras das débedas da Entidade.
- O número de exercicios posteriores a que poden aplicarse os gastos dos apartados a) e b) non será superior a 4 anos, salvo autorización expresa do Pleno do Concello.

12. Función interventora.

En tanto as funcións de fiscalización non sexan asumidas por un funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional, pertencente a subescala Intervención-Tesourería, ditas funcións interventoras quedarán reducidas ás previstas no artigo 219.2, letras a) e b) do Texto Refundido das Lei Reguladora das Facendas Locais. Neste caso, o titular do posto de Secretaría que desempeñe accidentalmente as funcións de Intervención non responderá das inexactitudes na remisión de información a outras administración públicas, nin da temporaneidade e integridade de tal remisión.

13. Xestión, liquidación e recadación de ingresos.

1. En relación cos actos de xestión, liquidación e recadación de ingresos, haberán de observarse as seguintes prescricións:

- a) Unha vez aprobados os padróns correspondentes, as listas cobratorias e pliegos de cargo, remitiranse a Intervención para ser fiscalizados, quedando os recibos e matrices ou copias en poder da unidade administrativa encargada da tramitación ata a súa entrega ó Servicio de Recadación, que o serán con 15 días de antelación ó período voluntario de cobranza. Esta entrega efectuarase sen matrices – copia, acompañados dun exemplar das listas cobratorias.
- b) Rematados os prazos de ingreso voluntario, pola Recadación relacionaranse os valores en recibo impagados e as certificacións de descuberto, cuías relacións pasarán a Tesourería para ser providenciadas de apremio e seguilo procedemento de cobro en vía executiva.
- c) Os ingresos que se efectúen directamente en Tesourería, segundo liquidación que previamente se formulase, realizaranse mediante a correspondente orden de ingreso ou talón de cargo, librándose a correspondente carta de pago ou recibo xustificante de ingreso.

2. Polo que respecta autoliquidacións, o ingreso terá as condición de “a conta” do que resulte da liquidación definitiva que ó efecto se efectúe posteriormente.

14. Créditos de difícil ou imposible recadación.

Co fin de axustar os datos reflectidos na contabilidade municipal a realidade económica da entidade, fíxanse no 12% dos dereitos pendentes de cobro de exercicios cerrados e exercicio corrente, a contía dos cretos de difícil ou imposible recadación.

15. Comploto das prestacións que perciba o persoal funcionario incluído no Réxime Xeral de Seguridade Social e o persoal laboral nas situacións de incapacidade temporal

Complementar as prestacións que perciba o persoal funcionario incluído no Réxime Xeral de Seguridade Social e o persoal laboral nas situacións de incapacidade temporal, de acordo cos seguintes límites:

- Continxencias profesionais: dende o primeiro día ata o 100% das súas retribucións no mes anterior.
- Continxencias comúns: Os tres primeiros días: o 50% das retribucións do mes anterior. Do día cuarto ao día vixésimo: o 75% das retribucións do mes anterior. A partires do día vixésimo: o 100% das retribucións básicas e complementarias.

Non obstante o anterior, cando a baixa temporal por continxencia común traia causa dunha hospitalización ou intervención quirúrxica sen hospitalización, complementábase ata o 100% das retribucións.

Asemade, para o cómputo dos períodos correspondentes a duración das baixas por continxencias comúns causadas por recaídas en enfermidades crónicas, continuarase o cómputo dende o período anterior de incapacidade por mor de dita enfermidade ou lesión”.

O Alcalde sinala que o presente proxecto de orzamento permite manter o nivel de prestación de servicios sen incrementar o endebedamento e restrinxindo o gasto correspondente aos órganos de goberno a un porcentaxe do 0,083%, e un importe de gastos financeiros (intereses e amortización) do 0,014%.

Permite manter os servicios actuais e permite incrementar os servicios sociais. É certo que se non temos en conta os custes de inversión asignados á urbanización A Palloza os créditos para nova inversión non son moi elevados, pero cos tempos que corren creemos que son aceptables.

En resume, son uns orzamentos que permiten manter uns servicios aceptables cunha carga fiscal soportable para os veciños. E recorda que todo incremento no gasto implica tamén un incremento da recadación do peto dos veciños.

O voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, sinala que non existe informe de intervención, e que cando existía puña de manifesto que non existía control de gastos de cofinanciamento afectado entre outras irregularidades, polo que se suscita a dúbida de si realmente hoxe se está a seguir este control.

Por outra banda, pregunta pola elevada contía da partida adicada a gratificacións (24.000 euros). Tamén pregunta polo destino da partida de 24.000 euros adicada a

gastos diversos, xa que non se especifica a natureza destes gastos, o que é preocupante cando a suma das partidas de gastos diversos acada o montante total de 41.000 euros.

Outro punto a destacar é o montante orzamentado para dietas e asistencia dos órganos de goberno, que se o ano anterior eran 25.150 euros, este ano acada a cifra de 40.000 euros, o que lle parece esaxerado.

No apartado relativo ás inversións, pregunta se a partida do fondo de compensación ambiental é a mesma inversión que a orzamentada o ano pasado para o peche dunha parcela. Tamén pregunta a qué se debe o incremento notable da cantidade orzamentada para rematar a urbanización de A Palloza. Por último, pregunta se xa está a disposición o rexistro de facturas para os concelleiros.

O voceiro do grupo municipal do BNG fai unha serie de preguntas sobor o documento relativo ao adelanto da liquidación dos orzamentos correspondentes ao exercicio 2012, que en certas partidas poñen de manifesto unha falla de previsión, tanto nos gastos coma nos ingresos.

Asemade, advirte que, tal e como sucedeu o ano pasado, existe un gran desfase entre o orzamentado e o executado, xa que no ano 2012 o orzamento excede dos cinco millóns de euros e a recadación neta non chegou aos tres millóns. Este ano volta a proxectarse un orzamento por riba dos cinco millóns de euros, polo que se avoca a un novo desfase. E pregunta porqué se infla tanto o orzamento.

O Alcalde resposta que os datos do avance da liquidación son provisionais xa que non rematou o exercicio orzamentario, así que non se sabe como se pechará o exercicio. Polo que respecta aos ingresos recoñecidos pendentes de cobro, sucede o mesmo: non rematou o exercicio e gran parte desa contía coincide co padrón do IBI e do IAE que xa recadou a Deputación e todavía non ingresou no Concello.

As diferencias do orzamento respecto das liquidacións dos exercicios anteriores dependeu en gran medida do ritmo de execución da urbanización do RA-49 e, no que atinxe a este orzamento, da execución da Palloza. E advirte que o ritmo de execución desta urbanización non dependerá exclusivamente do Concello, senón tamén dos propietarios e, particularmente, da súa dispoñibilidade para o pago das cotas de urbanización. O Concello fai unha previsión que poderá cumprirse ou non, pero de reunirse as circunstancias para o desenrolo, o Concello ten que telo orzamentado para poder contratar.

Contesta que existe o rexistro de facturas e que a intervención atópase vacante polo sistema de provisión que ten este tipo de posto. Polo que se refire as dietas, estas comprende todo tipo de dietas e asistencia a órganos colexiados, pero a porcentaxe que representa o custe do goberno é do 0,022%, incluíndo todo tipo de custes, tamén as dietas. E afirma que os concelleiros teñen dereito a resarcirse dos gastos non que incorren no seu traballo para o concello.

A partida orzamentada en inversións con cargo ao fondo de compensación ambiental non se refire ao proxecto do ano pasado, senón ao que se prevea para este ano si se mantén a convocatoria. Algo parecido pasa co POS, que este ano estaba

orzamentado pero a Deputación todavía non o aprobou, polo que o Concello non o puido executar.

O voceiro do PSdG-PSOE alega que a consignación para dietas dos concelleiros medrou en casi 20.000 euros, e que se ben pode ser unha porcentaxe baixa en relación ao orzamento total non deixa de ser unha suba importante que lles parece abusivo.

Asemade, sinala que as inversións previstas este ano son as mesmas que as previstas no orzamento anterior. Así, a ampliación do pavillón, o ano pasado se preveía que a Xunta ía a financiar 150.000 euros e este ano a aportación baixou a 134.000 euros. Volta a orzamentarse o centro cultural de Parada, o Sector A Palloza ou o servizo de alumado público. Á vista do anterior pregunta qué se executou no ano 2012 se este ano volta a orzamentarse todo.

Na memoria faise alusión a unha suba importante das taxas, e pregúntase se non sucederá coma en anos atrás, nas que as previsións estaban moi infladas e non se cumpriron, imposibilitando financiar os gastos.

Finaliza recordando a necesidade dun interventor para analizar e controlar as contas.

O voceiro do BNG insiste en que non comprende cómo no exercizo 2012, sobor unha previsión de 5.045.000 euros unicamente se recadaron 2.351.000 euros, que é a metade cando estamos a 27 de decembro. E esta recadación non chega para cubrir os gastos correntes e as nóminas do persoal. É dicir, non é dabondo para garantir o funcionamento do concello. E este desfase mantense nas previsións do orzamento que estamos a debater, o que lle preocupa seriamente.

A inversión é a mesma que a prevista no ano pasado, e aínda así, descontando A Palloza sería unicamente do 7% do orzamento total.

Por outra banda, a memoria orzamentaria manifesta que os maiores ingresos descansan en taxas e impostos, o que manifesta que os veciños de Outeiro de Rei non só están a sufrir os recortes feitos dende o Estado e a Xunta, senón a suba tributaria do seu propio concello, polo que son as familias as que están, coma sempre, a pagar o pato.

O Alcalde resposta que o importe orzamentado se corresponde co que se gastou o ano pasado, e que é unha cantidade aceptable tendo en conta que recolle as asistencias a comisións, plenos, gastos de desprazamento etc... tanto dos membros do equipo de goberno coma da oposición. E sinala que esta cantidade a gasta só un membro do equipo de goberno de entidades locais próximas.

No que se refire ás inversións, se consignan algunha inversión xa prevista no ano pasado e que non se puido facer, coma é o caso do POS, dado que a Deputación non foi quen de convocalo antes.

En relación ao centro social de Parada, non se puido facelo antes porque, se ben os propietarios están dispostos a vender, estes non chegaron a un acordo entre si. E non dispoñendo do terreo non se puido facer a obra.

A ampliación do alumeadado público prevista este ano é diferente da prevista no ano pasado e que xa se executou, pero seguimos a ampliar o alumeadado e por iso se fai unha nova consignación.

O incremento do orzamento das obras da Palloza débese a que as previsións anteriores fixéronse sobre estudos, e a actual sobre proxectos técnicos de obra que detallan con total previsión as obras a executar.

Este ano non se prevé ningunha suba de taxas, senón a súa conxelación, e o que explica a memoria é que este ano a suba aprobada anteriormente se reflectirá no orzamento na totalidade do ano natural, e non soamente en parte coma o ano pasado.

O desfase entre previsións e recadación débese a dúas circunstancias: o feito de que a Deputación non ingresou a cantidade recadada por IBI e máis IAE, que son preto de 800.000 euros, e que a Palloza non se executou polos motivos que xa expuxo antes.

E en contestación á afirmación do BNG de que o concello non ten para cubrir gastos correntes, afirma que o orzamentado en intereses e amortización é unicamente de 75.000 euros, sendo este concello uns dos menos endebedados da provincia.

Conclúe afirmando que é un orzamento aceptable e solicita a súa aprobación.

Rematado o debate, sométese a votación a aprobación do orzamento xeral para o exercicio 2013, composto polo estado de gastos e ingresos, memoria orzamentaria, anexo de subvencións nominativas, anexo de inversións, relación de postos de traballo e bases de execución orzamentaria.

Realizada a votación, o orzamento para o exercicio 2013 resulta aprobado con oito votos a favor, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do partido popular, e tres votos en contra, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do PSdG-PSOE e máis do BNG.

6. MOCIÓN DO COMITÉ DE EMPRESA DE ALIMENTOS LÁCTEOS S.A., DA CIG E DO BNG RELATIVA AO MANTEMENTO DA CAPACIDADE PRODUCTIVA E DE POSTOS DE TRABALLO DA EMPRESA ALIMENTOS LÁCTEOS S.A. EN OUTEIRO DE REI

Iníciase o debate coa defensa, polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, da moción trasladada polo Comité de Empresa de ALIMENTOS LÁCTEOS S.A., e do seguinte teor literal:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A actual propietaria das instalacións de Alimentos Lácteos S.A., o Grupo Pascual, logo dun Expediente de Regulación de Emprego (ERE) que afectaba á totalidade dos 155 traballadores que ocupaba na súa fabrica de Outeiro de Rei, consolidou unha oferta para o alugueiro con dereito a compra da súa factoría dende abril de 2010.

Dita operación, nun contexto de mobilización pola defensa do emprego na factoría polos traballadores e traballadoras, foi avalada pola Xunta de Galicia, por ser o proxecto de base cooperativa e que segundo o goberno autonómico era a máis viable a pesares de existiren outras que ofrecían aparentemente maiores garantías.

No transcurso deste tempo, logo a piques de facermos 3 anos da sinatura, a situación actual da empresa Alimentos Lácteos S.A. é crítica. Dunha banda é notorio o esmorecemento do proxecto de base cooperativa, pois moitas das cooperativas non están a achegar o seu leite, tanto polos impagos da materia prima, como polas continuas desavinzas co modelo de representación polo que optou Alimentos Lácteos e que tivo o beneplácito do Goberno da Xunta. Doutra banda un profundo cambio no sistema de xestión e de créditos sucedidos no derradeiro ano, polo cal non se está a invertir en materia prima, chegando a darse a situación crítica que non ter capacidade de abastecer á demanda das marcas propias, que, ate o de agora, foron o seu maior valor engadido. Estes dous últimos anos supuxeron un resultado económico negativo no 2010 de 3,5 millóns de euros de perdas e no 2011 de 4,6 millóns de perdas, cunha expectativa pouco positiva para corrixir esta tendencia durante o 2012.

Esta situación crítica non pode ser de recibo cando se ten optado por este proxecto como o máis serio e viable dende a Xunta de Galiza, e neste momento a sombra do peche é unha opción a concretar en calquera intre, logo que o deterioro do proxecto pode precipitar a perda de clientes dun produto de boa referencia no sector alimentario segundo avalan estudos de organizacións como o da Organización de Consumidores y Usuarios por exemplo.

Manter o emprego na factoría de Outeiro de Rei e recuperar a súa actividade empresarial é fundamental para facer viable o proxecto de base cooperativa e para xerar riqueza e emprego en comarcas cunha importante produción leiteira como a Terra Chá e tamén para consolidar e aumentar o valor do noso sector lácteo, no camiño de conseguir un Grupo Lácteo Galego. Así o entenderon tamén as principais cooperativas agrarias de Galiza que ofreceron alternativas viábeis para comprar e manter activa a fábrica de Pascual se, para isto, contaban co apoio e colaboración da Xunta de Galiza, tendo en conta que o goberno galego debe impulsar aquelas accións empresariais encamiñadas a crear riqueza e emprego no noso País.

Son os concellos, como institucións máis achegadas aos problemas que padece a xente, neste caso, aos traballadores e produtores de leite, os que deben permanecer sempre atentos e activos para colaborar e esixir da Administración, nomeadamente do Goberno Galego, que adopte as medidas precisas para defender e favorecer o mantemento da nosa capacidade produtiva e a riqueza e emprego que xera en cada un deles. Razón pola cal o noso Concello debe seguir demandando o compromiso da Xunta de Galiza en solucións reais e de futuro para a factoría de Outeiro de Rei.

Polo exposto, o Comité de Empresa de Alimentos Lácteos, S.A., somete a consideración do pleno o seguinte acordo:

1. A Corporación Municipal de Outeiro de Rei demanda do Goberno da Xunta de Galiza a toma en consideración da grave situación pola que se está a levar á factoría de Alimentos Lácteos S.A. de Outeiro de Rei, tutelada na actualidade por organismos

dependentes da Xunta de Galiza, e reclama que o Goberno galego realice as actuacións precisas para consolidar o proxecto de base cooperativa na factoría de Outeiro de Rei, favorecendo a recuperación da actividade empresarial e comercial necesaria para facer viable a capacidade produtiva da factoría, garantir o mantemento e defensa dos postos de traballo na mesma e asegurar a transformación e comercialización da produción de leite do noso País, empezando pola produción dos socios-cooperativistas da empresa Alimentos Lácteos S.A.

2. Trasladar este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, a Conselleira do Mar e do Medio Rural e ao Conselleiro de Economía e Industria.”

O voceiro do grupo municipal do Partido Popular afirma que o seu grupo propón aprobar a moción sen enmenda algunha, e informa que dende as diferentes consellerías implicadas e mesmo dende a Presidencia da Xunta se está a actuar para conquistar que a empresa manteña a súa actividade, xa que dita empresa non só é importante para os seus traballadores, senón para o propio sector lácteo e o cooperativismo agrario de Galicia.

O voceiro do grupo municipal do BNG afirma que exporá os seus argumentos cando se traten as mocións presentadas pola CIG e máis polo BNG.

O voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE anuncia que o seu grupo apoiará esta moción, que está moi ben plantexada e describe perfectamente os problemas aos que se enfronta a viabilidade da empresa. Afirma que o que fai falta son políticas que apoiem ao sector en Galicia, xa que os prezos de produción non son os que deberían ser, non existen políticas axeitadas para a posta en produción da terra .. etc. Asegura que este sector o estea pasando mal repercute en máis de 10.000 postos de traballo en Galicia, e o que ten que facerse dende o sector público é buscar o xeito de sacalo adiante.

O voceiro do grupo municipal do Partido Popular recorda que as políticas que fixo ata o momento o goberno do Estado non contribuíron a apoiar precisamente ao sector lácteo galego. O goberno da nación non plantexou con rigor e seriedade ante a UE o que se tiña que plantexar -dentro dos marxes que permite o dereito de competencia- e obviou o carácter estratéxico no deseño destas políticas. Neste intre sinala que o nivel de goberno que ten as capacidades é o do Estado, xa que é o interlocutor coa UE, e non tanto as comunidades autónomas, e polo tanto ten que ser o goberno da nación quen afronte seriamente o problema.

Recorda a importancia de salvar este proxecto, tanto polos postos de traballo coma pola referencia que supón para os produtores e cooperativas dun novo modelo de comercializar o leite.

Refrenda o seu compromiso co comité de empresa e a súa proposta de aprobar a moción.

Realizada a votación, a moción resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

A continuación, o Presidente entra a considerar o contido da moción presentada pola CIG, afirmando que, en tanto se trata dunha reprodución literal da moción

presentada polo comité de empresa e que xa foi debatida e aprobada por unanimidade, carece de sentido entrar de novo a debatir e votar un texto exactamente idéntico.

O voceiro do grupo municipal do BNG pregunta porqué en outras ocasións cando as mocións presentadas versan sobor a mesma materia trátanse conxuntamente e neste concreto asunto non se fai así.

O voceiro do grupo municipal do Partido Popular contesta que iso se fai cando concorren mocións que, non sendo iguais tratan o mesmo tema. Pero neste caso as mocións son literalmente idénticas, non cambia nin unha coma. Polo tanto non hai nada novo que discutir, ningún matiz novo.

E di non entender que se pretende presentando tres mocións exactamente iguais. O lóxico é que presente unha moción o Comité de empresa, coma órgano que representa aos traballadores e que ten un interese lexítimo incuestionable, pero non entende que fai a central sindical e máis o BNG transcribindo literalmente dita moción e cambiando o encabezamento.

O voceiro do grupo municipal do BNG afirma que o máis lóxico, xa que as tres mocións din o mesmo, sería tratar e votar as tres conxuntamente, coma se fixo en ocasións anteriores.

O voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE considera que, de tratarse unicamente unha moción debería aclararse antes, porque pode suceder que algún concelleiro reservase a súa intervención para as mocións sucesivas e, deste xeito, quede sen falar.

O Presidente ratifica que sendo as tres mocións exactamente iguais e habéndose debatido e votado unha, carece de toda lóxica entrar a debatir e votar sucesivos textos idénticos, polo que somete a votación a exclusión da orde do día da moción presentada pola CIG.

O voceiro do grupo municipal do BNG afirma que a razón de non tratar a moción é de non escoitar o que ten que dicir, xa que o voceiro do PP é cómplice do que está a pasar en Alimentos Lácteos.

O Presidente somete a votación retirar da orde do día as mocións presentadas pola CIG e polo BNG.

Neste intre, o concelleiro do BNG abandona a sesión en sinal de protesta.

Realizada a votación, acórdase retirar ambas mocións con oito votos a favor, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP, e dous votos en contra, pertencentes aos concelleiros do PSdG-PSOE.

7.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSDG-PSOE RELATIVA AOS SERVICIOS DE RADIOTERAPIA, HOMODINÁMICA E MEDICINA NUCLEAR NO HOSPITAL LUCUS AUGUSTI.

Iníciase o debate coa defensa, polo voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, da moción presentada con data de 20 de decembro de 2012, e do seguinte teor literal:

“Moción relativa ós Servicios de Radioterapia, Hemodinámica e Medicina Nuclear no Hospital Lucus Augusti (HULA)

O Concelleiro na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Outeiro de Rei, compadece e como mellor en Dereito proceda DI :

O abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local De Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réximen xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 20 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas presenta a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte :

MOCIÓN :

En 2009, o Presidente da Xunta de Galicia, acompañado da ex Conselleira de Sanidade, Pilar Farjas, desprazáronse a Lugo para inaugurar o Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA). Naquela visita, os dous dirixentes anunciaban, ademais, unha das noticias máis agardadas por todos os lucenses, a implantación no primeiro semestre de 2011, no HULA, dos servizos de Radioterapia, Hemodinámica e Medicina Nuclear. Pasaron os meses, concretamente ano e medio, e o Lucus Augusti, lamentablemente, segue sen estas especialidades tan necesarias para a saúde dos cidadáns da provincia.

E iso que, no Pleno do día 2 de novembro de 2011, o Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade unha moción presentada polo Grupo Socialista na que se instaba ó Goberno a “adxudicar de forma inmediata, nun prazo non superior a 6 meses, o equipo de Hemodinámica cardíaca para proceder á apertura de dita unidade e a proceder de forma inmediata á dotación tecnolóxica dos servizos de Radioterapia e Medicina Nuclear e poñer en marcha ditas Unidades”.

Este incumprimento manifesto do Goberno autonómico provoca que a de Lugo sexa a única provincia galega que aínda non dispón destes servizos, algo que resulta claramente incomprendible, se se ten en conta que o HULA cumpre todas as características necesarias para albergar ditas especialidades e, no caso da área de Hemodinámica, tamén co persoal sanitario especializado. Concretamente, o servizo de Cardioloxía posúe dous cardiólogos coa Acreditación de Hemodinámica da Sociedade Española de Cardioloxía, pero, debido a que este servizo aínda non está implantado, estes facultativos vense na obriga de prestar a súa atención, en rotacións periódicas, nos hospitais de Santiago de Compostela e de Cabueñes (Xixón).

A falta destes servizos están causando graves prexuízos ós cidadáns da provincia e pon en grave perigo a súa saúde. No caso dos enfermos de cancro, unha media de 600 pacientes ó ano, teñen que desprazarse a Coruña ou a Santiago para recibir tratamentos de Radioterapia; o que, sen dúbida, aumenta as molestias da súa grave enfermidade e incluso provoca que moitos deles teñan que asumir gastos extraordinarios e depender de familiares ou veciños, como xa que, nalgús casos, o tratamento subministrado supera os 30 días de duración.

No caso da falta de Hemodinámica, as consecuencias da súa inexistencia tamén son gravísimas para os doentes, xa que nestes casos a intervención rápida é determinante para a súa supervivencia. É dicir, canto maior sexa o traslado, maior será o risco de que perdan a vida.

Estudos científicos recentes poñen de manifesto que a mortaldade de enfermos de infarto de miocardio en Lugo dobra a padecida por enfermos de Coruña, Vigo ou Santiago; lugares nos que sí existe persoal cualificado e os medios materiais para tratar esta patoloxía cardiovascular. A causa de que sexamos a provincia co maior índice de probabilidade de padecer esta enfermidade, débese a que, nestes casos, é preciso realizar unha angioplastia primaria nun tempo inferior a dúas horas dende que o enfermo entra en contacto co sistema sanitario. Tendo en conta que en Lugo hai que trasladar ó doente a Coruña ou a Santiago, este prazo aumenta ata as tres horas, provocando así que o tratamento xa non teña efecto.

Por este motivo, especialistas na materia como o Presidente da Sociedade Española de Cardioloxía, manifestan que, mentres todos os doentes das áreas de Coruña, Santiago e Vigo reciben unha angioplastia primaria, os de Lugo tan só o fan nun 43%. Por elo, resulta inaceptable que a Xunta de Galicia, responsable do Servizo Galego de Saúde (SERGAS), siga permitindo que as persoas que sofren unha patoloxía coronaria aguda na provincia de Lugo, máis de 1.000, teñan menos esperanza de vida que a que poden ter o resto dos galegos.

O HULA realizou en 2011 un total de 825 cateterismos, que se enviaron mediante transporte sanitario os hospitais de Coruña e Santiago. Se sumamos os solicitados polos centros sanitarios de Burela e Monforte, o número total supera os 1.000 cateterismos na provincia. Este volume de actividade xustifica perfectamente a apertura do servizo de Hemodinámica. Ademais, os especialistas consideran que nun prazo máximo de tan só dous anos, o custe da súa implantación -800 millóns de euros- estaría totalmente amortizado.

E é que o traslado dos doentes supón, ademais, un gran trastorno persoal para as familias, contabilizándose todos os anos unha porcentaxe non despreziable de problemas graves nos traslados de retorno, logo dos procedementos de revascularización coronaria ós que son sometidos. Nos casos que o traslado supere os 120 minutos, o índice de mortalidade ó ano é do 6,8%. É dicir, entre un 10 e un 20%, destes doentes perden a vida no traxecto por non poder recibir o tratamento sanitario na provincia.

Na actualidade existen en Galicia 5 Unidades de Hemodinámica en hospitais públicos do SERGAS. Localízanse en Santiago, A Coruña, Vigo, Ourense e Pontevedra. Sen embargo, a provincia de Lugo coa mesma poboación de referencia e dispersión poboacional que a de Ourense e cunha distancia de 94 quilómetros á sala de Hemodinámica máis próxima, aínda non dispón deste servizo debido ó incumprimento do Goberno autonómico. Ademais da de Lugo, só existen 7 provincias en España sen esta especialidade nos hospitais públicos. Son: Palencia, Zamora, Ávila, Soria, Cuenca, Teruel e Segovia.

Por todo o anteriormente exposto, propono o Pleno desta Corporación a adopción do seguinte,

ACORDO :

O Concello de Outeiro de Rei, esíxelle á Xunta de Galicia que dé explicacións dos continuos incumprimentos sobre a implantación destas especialidades, e insta ó Presidente do Goberno galego a licitar e adxudicar de inmediato os equipamentos necesarios de Radioterapia e Hemodinámica e Medicina Nuclear no HULA para que estes servizos, tan necesarios para a saúde dos lucenses, entren en funcionamento no menor tempo posible.

En Outeiro de Rei a 20 de decembro do 2012”

O voceiro do grupo municipal do PP afirma que o seu grupo está parcial de acordo coa moción presentada polo PSOE, xa que lle parece razoable instar á Xunta de Galicia que poña en marcha o servizo de hemodinámica, en tanto está cientificamente comprobado que un pronto tratamento de hemodinámica é fundamental en infartos e outras afeccións coronarias.

Polo que atinxe á medicina nuclear e radioterapia, o acceso ao tratamento sempre está programado e non ten o carácter urxente que ten a hemodinámica, polo que, se ben os pacientes teñen que trasladarse a Santiago, estes teñen garantido o servizo ao seu debido tempo.

Por iso, propón enmendar a moción no sentido de instar á Xunta que poña en marcha o servizo de hemodinámica no hospital Lucus Augusti e que teña unha especial consideración coa provincia de Lugo no que atinxe á medicina nuclear e radioterapia na organización dos servizos unha vez sexan aprobados polo Consejo Interterritorial de Medicina Nuclear.

O voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE aceptaría a enmenda se a “especial consideración” refírese a unha pronta posta en marcha do servizo.

O voceiro do grupo municipal do PP afirma que Lugo podería aspirar a ter, no seu día, un servizo de radioterapia, pero non de enerxía nuclear, segundo afirman os técnicos. Pero en calquer caso, temos que diferenciar entre a hemodinámica, de cuxa implantación poden depender vidas, da radioterapia, cuxo acceso no tempo debido está garantido e do que se trata é de evitar a incomodidade e os custos dun desprazamento a Santiago e que, se ben é interesante, non é urxente.

Polo tanto, propón que se inste á Xunta a implantación dos servizos de hemodinámica e radioterapia e unha especial consideración coa provincia de Lugo na organización do servizo de medicina nuclear.

O voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, acepta a redacción última da enmenda.

Rematado o debate, sométese a votación a moción coa enmenda pola cal “se inste á Xunta a implantación dos servicios de hemodinámica e radioterapia e unha especial consideración coa provincia de Lugo na organización do servizo de medicina nuclear”.

Realizada a votación, a enmenda resulta aprobada con dez votos a favor, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do PP e máis do PSdG-PSOE.

8- ASUNTOS DE URXENCIA

O Alcalde propón tratar por vía de urxencia un asunto non incluído na orde do día, e relativo á prórroga para o ano 2013, do acordo adoptado na sesión plenaria de 22 de decembro de 2012 relativo á rebaixa dun 5% do salario do Alcalde e das indemnizacións por razón de servizo do concelleiros municipais.

En tanto a vixencia do acordo remataba o día 31 de decembro de 2012, propón estender a súa vixencia ata o día 31 de decembro de 2013.

Sométese a votación a urxencia do asunto.

Realizada a votación, a urxencia resulta aprobada con dez votos a favor, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do PP e máis do PSdG-PSOE.

Aprobada a urxencia, sométese a votación a seguinte proposta:

“Primeiro.- Rebaixar a indemnización por asistencia a sesións plenarias de 200 euros a 180 euros/sesión, así coma as asistencia a Xuntas de Goberno, Comisións informativas e demais Órganos Colexiados de 80 a 75 euros.

Segundo.- Rebaixar as dietas oficiais da seguinte forma:

Dieta completa (pernoctando fora do domicilio): se rebaixará dos 150,00 euros actuais aos 120 euros.

Media dieta (xestións fora do municipio): se rebaixarán dos actuais 100 euros a 80 euros, salvo para os concelleiros que ostenten dedicación parcial ou exclusiva, que se reducirá de 50 a 40 euros.

Terceiro.- Salario da Alcaldía.

Rebaixar a contía do salario do Alcalde na porcentaxe do 5% sobor a contía mensual fixada no acordo plenario do día 24 de xuño de 2011.

Cuarto.- O presente acordo extenderá a súa vixencia do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2013. Unha vez finalizado o prazo de vixencia será de aplicación o réxime xeral establecido no acordo adoptado na sesión organizativa de 24 de xuño de 2011”.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con dez votos a favor, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do PP e máis do PSdG-PSOE.

E non habendo máis asuntos a tratar, o Alcalde levanta a sesión, sendo as catorce horas e cincuenta e cinco minutos, da que eu, Secretario, estendo a presente acta.

O Secretario

VºBº; O Alcalde